


Universidade de Vigo

Identificación das necesidades e das necesidades formativas do PAS do centro

R1-R2 PE01 P1

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado en Comisión de Calidade na sesión do 6 de marzo de 2020



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus de As Lagoas
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>
<mailto:aero.info@uvigo.es>



Referencia: R1-R2 PE01 P1
Documento: 1
Data: 06/03/2020
Páxinas: 3

INFORME SOBRE NECESIDADES DO PAS NA ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE:

En primeiro lugar debemos indicar que trala reforma da Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada en Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016, o persoal de Administración e servizos no Campus de Ourense estrutúrase en diversas áreas de organización prestando o seu apoio a varios Centros e Facultades, deixando de ser persoal adscrito a unha soa Facultade como viña sucedendo na anterior RPT.

Así concretamente o PAS da Área Académica de Grao presta apoio tanto á Escola de Aeronáutica como á Facultade de Ciencias de Ourense e á Escola de Enxeñaría Informática, e o resto de Áreas como Investigación, Posgrao, Apoio a Centros e Departamentos e Económica teñen como ámbito de actuación a prestación de apoio administrativo a todas as Facultades do Campus, independentemente que dentro das dúas últimas e aos efectos de organización interna se reparta o traballo correspondente ás distintas Facultades entre o persoal adscrito a estas áreas, sendo así que dúas persoas están a disposición das Facultades de Ciencias, Aeronáutica e a ESEI na Área de Apoio a Centros e unha na Área Económica, prestando esta servizo tamén á Facultade de Ciencias, co apoio dun Posto Base, este último non adscrito á Área senón a todo o Campus.

A Área Académica de Grao dispón de tres persoas, se ben unha delas, o Posto Base, é persoal adscrito a todo o Campus polo que pode desempeñar as súas funcións tamén noutras Facultades en caso de necesidades do servizo.

Considerar tamén que na Conserxería o persoal tamén é compartido coa Facultade de Ciencias e Informática.

En canto ás necesidades concretas do Persoal de Administración e Servizos no que pode afectar á súa Facultade, podemos detectar dous ámbitos de actuación: necesidades formativas e necesidades en medios humanos.

- Necesidades formativas:

Debido ao movemento de persoal producido tralo último concurso de funcionarios realizado trala aprobación da RPT, que incidiu na adscrición de persoal en postos de traballo distintos aos que desempeñaba anteriormente e a súa falta de formación específica nos novos postos adscritos, fíxose preciso unha formación específica en materia de xestión de alumnado nas áreas de Grao e Posgrao, tanto de normativa estatal e autonómica na materia como das propias normas de xestión académica existentes na propia Universidade de Vigo.

Levou a efecto tamén formación económica na Área correspondente en materia de contratación e xestión económica, trala aprobación da nova normativa da Lei de Contratos e procedementos de xestión informática na Universidade (programa MUS).

Dados os continuos procesos de calidade a que se ven sometendo á Universidade, e tendo en conta que a Área de Centros e Departamentos tan como unha das súas funcións a prestación de apoio administrativo a estes procesos, fíxose a formación neste eido para o seu persoal.

Celebráronse accións formativas en materia de rexistro e administración electrónica para adaptarse ás novas ferramentas derivadas da nova Lei de Procedemento Administrativo.

Exposto isto significa que as necesidades formativas do persoal no último ano foi bastante efectivo e amplo non detectando a necesidade actual de máis formación a curto prazo, salvo para situacións novas que vaian xurdindo en aplicación de nova normativa. Concretamente vai ser precisa a formación na nova ferramenta informática de implantación da sede electrónica na Universidade, e na Área de Centros vexo fundamental formación en inglés precisa para o trato cos alumnos erasmus internacionais debido as xestións que se veñen facendo dentro desta área.

Por outro lado non convén esquecer a necesidade de formación continua naqueles ámbitos de actuación que precisan unha actualización dos coñecementos xa adquiridos, como poden ser os programas informáticos de ofimática, que por certo o persoal prefire que sexan de xeito presencial e non en liña como se viñan ofertando ultimamente.

- Necesidade en medios humanos:

Trala última reforma da RPT estase detectando unha escaseza de persoal en determinadas Áreas de traballo que están a impedir unha maior axilidade e eficacia administrativa nos procedementos deste ámbito.

Concretamente detectamos necesidade de máis dotación de persoal na Área Económica e nas áreas Académicas, tanto de Grao como de Posgrao.

Nas Áreas Académicas se poderían solucionar co incremento dun posto base máis en cada unha destas Áreas. Hai que ter en conta precisamente que nestas Áreas trala reforma da RPT produciuse un drástico recorte de efectivos, así na Área de Grao do ámbito Aeronáutica/ESEI/Ciencias pasouse de ter catro efectivos a tres.

A actual estrutura da RPT asigna sete Postos Bases compartidos para todo o Campus que poden ser movidos de área segundo necesidades, pero non pode ser unha solución en tempos de sobrecarga de traballo.

A época de maior sobrecarga de traballo, a partir de xuño, coincide ademais coa época de quenda de vacacións, co que é imposible desenvolver esa mencionada asignación de postos base segundo necesidades?, xa que todas as Areas de Grao e Posgrao teñen sobrecarga de traballo e , insisto, hai quenda de vacacións e é inviable mover persoas de posto porque os números non dan, o que pode producir que a atención que se presta non é a máis adecuada.

Na área Económica pasouse no Campus nunha redución de sete efectivos a catro, e a Aeronáutica/ESEI pasou de ter un negociado propio a ter que compartilo con Ciencias (no Campus Norte pasouse de catro efectivos a dous), sendo así que o volume de traballo sen embargo veuse incrementado tanto pola complexidade de novos procedementos como pola descentralización de competencias. Faise preciso 1 Xefe de Negociado máis na Área Económica que centre o seu labor na xestión económica da Vicerreitoría, xa que actualmente o Xefe de Área está centrado exclusivamente nesta xestión e non pode exercer a súa verdadeira función de Xefe de Área, supervisor e coordinador de todos os negociados económicos, e tamén outro Posto Base que actúe no ámbito do Campus Norte e desconxestione o volume de traballo.

A única solución real pasa por unha reforma profunda da actual RPT do persoal funcionario que responda ás necesidades organizativas das Áreas e das Facultades, cos efectivos precisos para non ter que empregar movementos de persoal entre diversas áreas que teñen contidos distintos e que poden reducir os propios coñecementos e eficacia dos funcionarios á hora de desenvolver o seu traballo (a obriga de ter coñecemento de todo: académico, económico, investigador, etc. fai abarcar moito sen especialización nin coñecementos concretos).

Ourense a 4 de febreiro de 2020.

A Administradora

(Por Delegación 11/07/2019)

O Xefe de Equipo

Asdo.: Juan José Salgado González